

Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOUTOMAIOR

Subvencións e axudas

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á HOSTALERÍA, NEGOCIOS DE LECER NOCTURNO, XIMNASIOS E AXENCIAS DE VIAXE POR MOTIVOS DA CRISE DO COVID-19

EXTRACTO DEL CERTIFICADO DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL, POR LA QUE SE APRUEBAN LAS BASES PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A LA HOSTELERÍA, NEGOCIOS DE OCIO NOCTURNO, GIMNASIOS Y AGENCIAS DE VIAJE POR MOTIVOS DE LA CRISIS DEL COVID-19 DEL AYUNTAMIENTO DE SOUTOMAIOR, CON LA COLABORACIÓN DE LA DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

BDNS(Identif.):584657

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/584657>)

PRIMERO: Beneficiarios

1.- Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las personas físicas y jurídicas, así como las comunidades de bienes, sociedades civiles u otras entidades económicas sin personalidad jurídica legalmente constituidas que tengan hasta un máximo de 10 empleados

2.- Los beneficiarios deberán de reunir los siguientes requisitos:

a) Tener su domicilio social y fiscal en el Ayuntamiento de Soutomaior y desarrollar su actividad económica en un local, establecimiento o centro de trabajo determinado abierto al público en la actualidad y con atención directa a este.

b) Que estén dados de alta en alguno de los epígrafes del Impuesto de Actividades Económicas, con anterioridad a 14 de marzo de 2020.

3.- Conforme con lo dispuesto en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, los beneficiarios deberán encontrarse al corriente de sus deberes fiscales con el Ayuntamiento de Soutomaior, con las Haciendas Públicas (estatal y autonómica) y con la Seguridad Social; y deben cumplir los deberes del artículo 11 de dicha Ley 38/2003, no pueden estar incurso en ninguna de las prohibiciones para recibir subvenciones enumeradas en el artículo 13 de la misma norma y no pueden tener pendiente de justificación ninguna subvención con el Ayuntamiento de Soutomaior.

4.- No presentar mas de una solicitud si se trata de persona física que no forma parte de sociedad que solicita ayuda en esta convocatoria



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

SEGUNDO: Finalidad y objeto de la Subvención

1.-El objeto de las presentes bases es regular las normas por las cuales se regirá la concesión, en concurrencia no competitiva, de subvenciones dirigidas a los sectores relacionados en el Anexo I y cuya actividad radique en el Ayuntamiento de Soutomaio, afectados por el cierre decretado por la normativa sanitaria dictada por las autoridades competentes.

2.-La finalidad de estas ayudas es promover y reactivar la actividad local que permita paliar el impacto derivado de la crisis sanitaria ocasionada por la Covid-19.

3.-Las presentes bases regulan el procedimiento para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia no competitiva.

Los conceptos subvencionables son:

- Recibo del pago de alquiler del local en el que se ejerza la actividad correspondiente, de 14 de marzo de 2020 hasta el 31 de mayo de 2021.

En este caso deberá además presentar contrato de arrendamiento en vigor o documento firmado por la persona arrendadora y por la persona arrendataria que indiquen que el contrato está en vigor

- Recibo de pago de la cuota de autónomos (cuyos importes no fueran subvencionados o bonificados), de 14 de marzo de 2020 hasta el 31 de mayo de 2021

- Gastos derivados de la contratación de servicios externos, tales como gestoría, mantenimiento, limpieza, seguridad, vigilancia, etc.

- Gastos derivados de la contratación de seguros de responsabilidad civil, incendio, robo o accidentes asociados al local de negocio y necesarios para el desarrollo de la actividad.

- Gastos de impuestos y tasas municipales

- Gastos de luz, gas, telefonía u otros suministros correspondientes al local donde se ejerza la actividad y que se habían pagado, de 14 de marzo de 2020 hasta el 31 de mayo de 2021

- Salarios y seguridad social del personal vinculado con la prestación de la actividad en el establecimiento para lo cuál se solicita la subvención. En este caso deberá presentar nóminas y justificantes bancarios o acreditaciones del pago, así como los recibos de liquidación y cotizaciones (RLC) y la relación nominal de trabajadores (RNT), y los justificantes bancarios de su pago (cuyos importes no fueran subvencionados o bonificados), de 14 de marzo de 2020 hasta el 31 de mayo de 2021

- Facturas relativas la adquisición de material de desinfección en instalaciones, elementos de protección y medidas de seguridad y higiene, así como el mobiliario asociado la reforma y adaptación, de 14 de marzo de 2020 hasta el 31 de mayo de 2021

- Facturas relativas la modernización tecnológica (páginas web, redes sociales, comandas digitalizadas, marketing on-line)



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

TERCERO: Bases reguladores

Bases reguladoras. Junta de Gobierno Local de 15 de julio de 2021 y modificadas en Junta de Gobierno Local de 09 de septiembre de 2021 por la que se aprueban las BASES PARA La CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A La HOSTELERÍA, NEGOCIOS DE OCIO NOCTURNO, GIMNASIOS Y AGENCIAS DE VIAJE POR MOTIVOS DE La CRISIS DEL COVID-19 DEL AYUNTAMIENTO DE SOUTOMAIOR, CON La COLABORACIÓN DE La DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

CUARTO. Importe

La cuantía global de la subvención será de 41.560,00 € con cargo a la partida 430.479, a nivel de vinculación jurídica, del Presupuesto municipal. La presente subvención está cofinanciada por el Ayuntamiento de Soutomaioir en la cantidad de 20.002,05€ y por la Diputación Provincial de Pontevedra, al amparo del Plan de obras y servicios (Plan Concellos) 2021, línea 2 en la cantidad de 21.557,95€.

El importe será repartido entre los solicitantes que reúnan los requisitos establecidos en la convocatoria, y como máximo será de 1.000€

En ningún caso el importe a percibir superará el importe de la justificación acreditada.

No será subvencionable el IVA ni otros impuestos recuperables, por lo que todas las referencias contenidas en estas bases al presupuesto y cuantía de las actuaciones subvencionadas se refieren a importes sin IVA.

QUINTO. Plazo de presentación de las solicitudes.

Las solicitudes habrán de presentarse en el plazo de 15 días hábiles, a contar desde lo primero día hábil siguiente a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia del extracto de la convocatoria.

Estas bases se publicarán en la página web del Ayuntamiento de Soutomaioir, en el tablero de anuncios de la sede electrónica y en el Boletín Oficial de la provincia.

En caso de que las solicitantes sean personas físicas y no dispongan de los medios electrónicos necesarios para relacionarse electrónicamente con la Administración, el Ayuntamiento de Soutomaioir les prestará la debida asistencia, poniendo a su disposición los medios necesarios para tal finalidad

Soutomaioir, 21/09/2021

El Alcalde — Agustín Reguera Ocampo



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

EXTRACTO DO CERTIFICADO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, POLO QUE SE APROBAN AS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á HOSTALERÍA, NEGOCIOS DE LECER NOCTURNO, XIMNASIOS E AXENCIAS DE VIAXE POR MOTIVOS DA CRISE DO COVID-19 DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR, COA COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

BDNS(Identif.):584657

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/584657>)

PRIMERO. Beneficiarios

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que teñan ata un máximo de 10 empregados

2.- Os beneficiarios deberán de reunir os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social e fiscal no Concello de Soutomaior e desenvolver a súa actividade económica nun local, establecemento ou centro de traballo determinado aberto ao público na actualidade e con atención directa a este.

b) Que estén dados de alta nalgún dos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas, con anterioridade ao 14 de marzo de 2020.

3.- Consonte co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Soutomaior, coas Facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social ; e deben cumprir as obrigas do artigo 11 da dita Lei 38/2003, non poden estar incursas en ningunha das prohibicións para recibir subvencións enumeradas no artigo 13 da mesma norma e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Soutomaior.

4.- Non presentar mais dunha solicitude se se trata de persoa física que non forma parte de sociedade que solicita axuda nesta convocatoria

SEGUNDO. Finalidade e obxecto da subvención

1.- O obxecto das presentes bases é regular as normas polas cales se rexerá a concesión, en concorrencia non competitiva, de subvencións dirixidas aos sectores relacionados no Anexo I e cuxa actividade radique no Concello de Soutomaior, afectados polo peche decretado pola normativa sanitaria ditada polas autoridades competentes.

2.- A finalidade destas axudas é promover e reactivar a actividade local que permita paliar o impacto derivado da crisis sanitaria ocasionada pola Covid-19.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:310A72F0B6IZYJRJ



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

3.- As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva.

Os conceptos subvencionables son:

Recibo do pago de aluguer do local no que se exerza a actividade correspondente, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021.

Neste caso deberá ademáis presentar contrato de arrendamento en vigor ou documento asinado pola persoa arrendadora e pola persoa arrendataria que indiquen que o contrato está en vigor

Recibo de pago da cuota de autónomos (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados), do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021

Gastos derivados da contratación de servizos externos, tales como xestoría, mantemento, limpeza, seguridade, vixilancia, etc.

Gastos derivados da contratación de seguros de responsabilidade civil, incendio, robo ou accidentes asociados ao local de negocio e necesarios para o desenvolvemento da actividade.

Gastos de impostos e taxas municipais

Gastos de luz, gas, telefonía ou outros subministros correspondentes ao local onde se exerza a actividade e que se pagaran, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021

Salarios e seguridade social do persoal vinculado coa prestación da actividade no establecemento para o cal se solicita a subvención. Neste caso deberá presentar nóminas e xustificantes bancarios ou acreditacións do pago, así como os recibos de liquidación e cotizacións (RLC) e a relación nominal de traballadores (RNT), e os xustificantes bancarios do seu pago (cuxos importes non fosen subvencionados ou bonificados), do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021

Facturas relativas a adquisición de material de desinfección en instalacións, elementos de protección e medidas de seguridade e hixiene, así como o mobiliario asociado a reforma e adaptación, do 14 de marzo de 2020 ata o 31 de maio de 2021

Facturas relativas a modernización tecnolóxica (páxinas web, redes sociais, comandas dixitalizadas, marketing online...)

TERCEIRO. Bases Reguladoras.

Bases reguladoras. Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2021 e modificadas en Xunta de Goberno Local de 09 de setembro de 2021 pola que se aproban as BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á HOSTALERÍA, NEGOCIOS DE LECER NOCTURNO, XIMNASIOS E AXENCIAS DE VIAXE POR MOTIVOS DA CRISE DO COVID-19 DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR, COA COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:310A72F0BGIZYJRJ



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

CUARTO. Importe das subvencións e financiamento.

A contía global da subvención será de 41.560,00 € con cargo á partida 430.479, a nivel de vinculación xurídica, do Orzamento municipal. A presente subvención está cofinanciada polo Concello de Soutomaioir na cantidade de 20.002,05€ e pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan de obras e servizos (PlanConcellos) 2021, liña 2 na cantidade de 21.557,95€.

O importe será repartido entre os solicitantes que reunan os requisitos establecidos na convocatoria, e como máximo será de 1.000€

En ningún caso o importe a percibir superará o importe da xustificación acreditada.

Non será subvencionable o IVE nin outros impostos recuperables, polo que todas as referencias contidas nestas bases ao orzamento e contía das actuacións subvencionadas refírense a importes sen IVE.

QUINTO: Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes haberán de presentarse no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o primeiro día hábil seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Soutomaioir, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia.

No caso de que as solicitantes sexan persoas físicas e non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coa Administración, o Concello de Soutomaioir prestaralles a debida asistencia, poñendo á súa disposición os medios necesarios para tal finalidade

Soutomaioir, 21/09/2021

O Alcalde — Agustín Reguera Ocampo

